



ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO ACADÉMICO 2021-2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022)

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (4º ESO).

A nota final desta materia calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións parciais, utilizando as regras de redondeo. Entenderase superada a materia se o alumno/a acada unha media superior o igual a 5 (aplicando o redondeo).

Se non se da o caso anterior, durante o período que entre a terceira avaliación e a final o alumnado realizará tarefas de reforzo dos contidos non superados nas avaliacións, que poderán consistir na repetición ou complementación de actividades propostas ou realización de outras semellantes e que volverán a ser cualificadas o que permitirá recalcular a nota media novamente.

O alumnado que xa supera a materia por ter media igual ou superior a 5 nas tres avaliacións tamén fará actividades de reforzo sobre contidos onde poda mellorar a cualificación recalculando a media coas novas cualificacións. En ningún caso se terá en conta no novo cálculo unha nota inferior a que xa tiña anteriormente e a cualificación final nunca se verá diminuída.

No caso de que a través do procedemento citado, non se acade a cualificación 5 na avaliación final, o alumnado realizará unha proba escrita. Esta proba terá unha cualificación máxima de 10 e o alumno/a superará a materia se obtén unha cualificación igual o superior a 5.

Neste período o alumnado tamén poderá facer actividades de ampliación, encamiñadas a orientar sobre algúns aspectos concretos da materia e que non serán avaliábeis.